



A CIG-Ensino esixe a recuperación do horario lectivo docente previo aos recortes de Feijóo

Delegados e delegadas sindicais da CIG-Ensino concentráronse diante da Consellaría en San Caetano para lamentar que nos 8 meses de mandato da nova conselleira non se producira ningún avance neste sentido e anuncian mobilizacións contundentes no primeiro trimestre do próximo curso para recuperar un dereito que noutras comunidades xa está sendo restaurado.

Despois de varias campañas nas que se constatou que esta, xunto coa redución de rateos, é unha das principais reivindicacións do profesorado, que avalou con 12.000 sinaturas a volta ás 18 horas lectivas semanais en Secundaria e ás 21 en Primaria, a Consellaría de Educación debe convocar unha Mesa de negociación para devolverlle este dereito ao profesorado do ensino público non universitario. Na concentración de delegadas e delegados esixiron á conselleira de Educación que convoque unha mesa sectorial co fin de negociar a recuperación do horario lectivo previo aos recortes nos anos 2011 e 2012. Tal e como lembrou o secretario nacional, Suso Bermello, a volta ás 18 horas en Secundaria e ás 21 en Primaria é unha das principais reclamacións do profesorado do ensino público non universitario galego, “como o demostra o amplo respaldo con 12.000 sinaturas á campaña de recuperación dos dereitos recortados na crise e o resultado das últimas eleccións sindicais nas que a CIG-Ensino revalidou a súa posición como forza maioritaria levando no seu programa electoral precisamente este punto como unha das principais batallas”.

“Mais todos sabemos que quen dita a política educativa en Galiza é o propio Feijóo e é a el ao que lle corresponde

restituírnos un dereito que nos foi roubado nos anos 2011 e 2012, adiantándose aos recortes do goberno Rajoy. Acabouse o tempo das escusas, tanto as dadas no Parlamento galego nunha recente votación polo grupo popular como polo anterior conselleiro, de que esta restitución depende da asignación de financiamento por parte do goberno estatal”, explicou. Neste sentido, cualificou de “insulto ao profesorado” esta argumentación, dado que cando foron os recortes nos anos 11 e 12 a Xunta non lle devolveu os fondos que aforrou con este aumento do horario lectivo ao goberno central.

Mobilizacións contundentes o próximo curso

Ademais da concentración celebrada o 29 de maio a CIG-Ensino vén de remitirle á conselleira de Educación un escrito no que lle solicita formalmente a convocatoria dunha Mesa Sectorial para a negociación deste asunto, ademais da redución das rateos. No documento fai referencia a que noutras comunidades xa se ten negociado a restitución deste dereito polo que a incompreensión do profesorado vai en aumento. No sindicato alertan de que se non se inicia esta negociación, o vindeiro curso académico levará a cabo mobilizacións contundentes, sen renunciar incluso á convocatoria de folga, para recuperar o horario lectivo previo aos recortes.

